



10.7.77

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTAD DE FILOSOFIA Y LETRAS

Benquerido amigo:

Estando xa constituído o Centro Galego do P.E.N. Club Internacional, aprobados os estatutos, e visto que contamos só cunha xunta directiva provisional, compre termos unha nova xuntanza pra ver de artella-la xunta directiva definitiva e, se acaso, trazar programas e obxectivos do noso Centro.

Polo tanto, convocámolo pró día 25 deste mes en Santiago, ás 11 da mañá, na Facultade de Filoloxía (antigo Instituto Masculino). Caso de serlle imposible acudir, pregámoslle remita antes desa data, ás señas que figuran arriba, en plica pechada, os nomes e cargos respectivos (polo menos os do presidente, segredario e tesoureiro) propostos por vostede pró consello directivo.

En nome de Bernardino Graña e meu propio, reciba un saúdo garimoso do seu amigo

Antón Santamarina